









UNIDADES DIDÁCTICAS



O TRAXE



Museo do Pobo Galego

Museo do Pobo Galego
Departamento de Educación e Acción Cultural

Coordinada por: *Belén Sáenz-Chas Díaz e Manuel Rodríguez Calviño*

Elaborada por: *Rocío García García, Marta Labandeira García e Edurne Lesta Chapela*

Debuxos: *Xoán Ramón Marín Martínez*

Fotografías: *Foto Ferrer. A Coruña*

Edita: Museo do Pobo Galego
San Domingos de Bonaval
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA

Imprime: Gráficas Sementeira, S.A.
Depósito legal: C-2829-2002



INTRODUCCIÓN

O coñecemento do traxe tradicional ten moitas dificultades xa que non contamos con información definitiva que nos aclare como vestía a xente en Galicia nos distintos momentos históricos. A documentación máis fiable coa que contamos son series de fotografías de finais do século XIX e comezos do XX nas que aparecen xentes de distintos lugares de Galicia en actividades diversas.

O que parece claro é que non se trata de algo invariable ó longo do tempo, nen igual en tódolos lugares. Existen en cada época traxes diferentes dependendo das modas, de cal sexa a súa utilidade, da posición económica, social e civil das persoas. Por exemplo, o loito da muller era riguroso e estendíase incluso ás nenas, o do home, sen embargo, limitábase ós botóns na camisa, e nos vilegos gravata ou brazaletes negro na chaqueta ou abrigo.

Na actualidade a indumentaria en Occidente está internacionalizada. En pouco ou en nada se distingue a forma de vestir dunha persoa de Santiago da dunha de Barcelona ou de París. Incluso as diferencias entre rapaces e rapazas, hoxe en día, son mínimas.

Feitos como a aparición dos tecidos industriais, que van substituindo ós de manufactura caseira, a chegada de prendas máis cómodas e baratas, a aparición da máquina de coser ou a mesma emigración, derivaron en cambios importantes na indumentaria. Hai que ter en conta tamén, que a clase acomodada rural, a fidalguía pacega, trasládase ás cidades, onde a activa vida social impuña unha vestimenta máis variada e unha necesidade de distinguirse da xente do campo. O contacto cos núcleos urbanos van, co tempo, a introducir determinados motivos ou elementos na vestimenta, antes descoñecidos ou pouco usuais.

O estudio do traxe complícase máis se pensamos que o que chega ata nós é o que se gardou con agarimo no arcón, por ser o mellor que o propietario ou propietaria tiñan. A maioría das veces son pezas que formaron parte da indumentaria para as ocasións, daquelo que vestían para presentarse ante os demais nun acto de carácter público como unha festa, ir á misa ou á feira. Por outra banda, as prendas de vestir usábanse e aproveitábanse ata que non daban máis. Os engadidos e arranxos para adaptalo ós cambios de talla do dono ou dona, os remendos, o darlle volta ás teas ou o aproveitar o xénero envellecido para unha prenda de uso cotiá, eran prácticas correntes ata non hai demasiado tempo. As pezas de máis valor podían constituir, sobre todo no caso das mulleres, parte da herdanza que se transmitía de nais a fillas ou formar parte dos regalos de voda.



En Galicia, aínda que hai prendas e características comúns, hai que ter en conta que a indumentaria tradicional presenta algunhas peculiaridades segundo a zona, a funcionalidade, a climatoloxía ou a época da que se fale, pero estas peculiaridades non se reflicten nun traxe determinado para cada vila ou provincia galega xa que esa división é administrativa e trátase de límites políticos que non determinan a forma de vestir. A idea dun traxe típico dunha localidade ou provincia provén das series de gravados costumbristas do século XIX ós que, sendo unha fonte de documentación importante, non se lles pode dar creto sen un estudio e contraste previos da información que nos aportan, posto que a xente non levaba un uniforme e cada persoa imprimía á súa vestimenta un selo persoal.



MATERIAIS

O liño

Constitúe unha das principais materias primas para o tecido. Procedía, en gran medida e durante bastante tempo, do cultivo practicado en gran parte de Galicia. O liño elaborábase ata obter un fino fío, co que se realizaba o lenzo, pero no proceso quedaba algún máis vasto chamado estopa.

A la

A la proviña, normalmente, dos pequenos rabaños de ovellas que se estendían polo país, ou da que se traía de Castela, a través dos comerciantes maragatos ou das cuadrillas de galegos que ían á sega en Castela. Certas pezas de la tecidas nos teares galegos levábanse ó batán para que quedaran compactas como se de feltro se tratara.

O picote, lera ou candil

Facíase tecendo liño con la. Ten o seu principal uso na confección de mandís e mandís de cubrir.

Ademais destes, era habitual, a seda, que procedía normalmente do Levante e de Andalucía, aínda que é posible que existira unha pequena produción en Galicia. Eran comúns outros tecidos de orixe industrial como o algodón, o veludo e as teas estampadas e brocadas.

Tamén se utilizaban, entre outros, os encaixes de palillos da costa galega, o xunco seco para as corozas, a palla de centeo ou de trigo para os sombreiros e o coiro, fundamentalmente, para o calzado.

A ROUPA

Algunhas prendas perviven no tempo mentres outras son máis características dunha época. A calidade dos tecidos, a feitura, a maior ou menor decoración e a cantidade de abalorios dependía moito da capacidade adquisitiva e do gusto de cadaquén. Esta mesma razón serve no que corresponde ós aderezos e complementos do traxe.




Cabeza

Tradicionalmente, homes e mulleres acostumaban cubri-la cabeza con panos e sombreiros.


- Pano: vai sobre o cabelo peiteado con trenzas ou máis recentemente con moño. Dóbrase formando un triángulo, co vértice nas costas e os extremos atados baixo a queixada, por detrás ou enriba da cabeza.
- Cofia: os finos materiais do que adoita estar feita - encaixe, tul, muselina... - indica que non se trata dunha prenda de uso cotiá, senón dunha peza empregada en ocasións especiais.
- Sombreiros: ademais dos de pano ou outros tecidos, os homes levaban sombreiros de palla que tamén usaban as mulleres para protexerse do sol. Elas, normalmente non os colocaban directamente sobre o cabelo, senón que entre este e o sombreiro, levaban un pano da cabeza. Entre estes sombreiros de palla eran moi coñecidos os “sancosmeiros” elaborados en San Cosme de Outeiro, Outes.



Monteira



Sombreiro



Pucho

Pucho

Variantes do sombreiro masculino poden ser os de á ancha ou as tellas. Ademais están a monteira, feita de pano de la, normalmente decorada, e o pucho, en la abatanada ou pano, que non ten á e coa parte inferior dobrada por atrás, quedando por diante unha viseira.

ROUPA FEMININA

As diferentes pezas das que se compón o traxe feminino non se empregaban todas á vez. Dependía do lugar e do momento que se puxesen unhas ou outras.

Interior

Xustillo interior, calzas e enaguas ou baixeiras. Estas dúas últimas prendas son de incorporación recente e de orixe foránea.

Busto


- Camisa: a diferenza das actuais, esta é máis longa –normalmente ata os xeonllos– e combina materiais de diferente calidade, deixando á vista o mellor. A apertura no fronte adoitaba chegar ata a cintura.
- Xustillo ou corpiño: lévase por riba da camisa e pode ir combinado con outras prendas de busto. Axústase cun cordón cruzado que vai normalmente pola parte dianteira.



Xustillo



- Chaqueta: adoita ser curta, cinguida, sen colo e coas mangas amplas. Máis moderna é a chambrá, tamén cinguida, con colo e en forma de camisa pero sen substituíla senón levándoa por riba dela.
- Dengue: pódese dicir que é unha prenda de garda. Ten forma de pequena capa, crúzase por diante e únese na parte de atrás con cintas ou peches metálicos.
- Pano do pescozo: lévase atado no peito e adoita ser pequeno.
- Manto: é o de máis abrigo. Cobre o busto cruzando na parte dianteira e atando na traseira. Máis recentemente e coa mesma función, aparece a toquilla, de forma triangular e habitualmente feita en gancho ou calceta.



Mantos

Parte inferior


- Refaixo: saia de abrigo.
- Basquiña: con aparencia de saia, está aberta na parte posterior onde monta un extremo sobre o outro. Pode ir combinada co mantelo ou co refaixo. Se ten decoración, esta vai naquelas partes que quedan á vista. Se se emprega soa, é a basquiña baixeira, que ten decoración en todo o perímetro e anula á saia.
- Mantelo: vai por riba da saia ou da basquiña. É como unha especie de mandil, máis grande e longo pero que non o substitúe. Ata detrás con cintas ou peches.
- Mandil: é de uso cotiá facendo de protector da saia e, recollido cara arriba, serve tamén como bolsa para levar cousas.



ROUPA MASCULINA

Interior


- Cirolas ou calzón interior: pantalón interior á maneira dos calzoncillos e que chega ata ós xeonllos. Se se usan cun calzón exterior curto, as cirolas, sobresaen por debaixo quedando á vista a parte inferior.



Cirola ou calzón interior

Busto


- Camisa: similar á de muller ata que aparecen as de solapa en pico.
- Chaleque: chamado tamén colete ou colete. Pode levar remontas nas partes de máis roce.
- Chaqueta: hai distintas variantes pero adoitan ser curtas e ter tamén remontas. A almilla é unha chaqueta algo máis longa e co fronte e os puños con remontas decorativas.
- Xibón: o corte é de chaqueta e úsase sobre a camisa, baixo a propia chaqueta, con ou sen chaleque. Ten escote redondo sen colo. Normalmente a botonadura está desprazada cara a un lado.




Camisa


Parte inferior

- Calzón exterior: o máis coñecido é o curto ata os xeonllos. Vaise modificando co tempo ata o pantalón que coñecemos actualmente.
- Faixa: rectangular e alongada e remata con flocos nos extremos. Colócase ó redor da cintura, sobre a camisa e o pantalón, e átase de diversas maneiras.



Calzón








SOBRETODOS

- Mantela: de uso feminino. Pola obriga das mulleres de cubri-la cabeza na igrexa empregouse moito con este fin. Pode ser rectangular e alongada ou semicircular.
- Mandil de cubrir ou de mostra: normalmente de picote. Eran de uso masculino e feminino.
- Capa: prenda de uso masculino, é máis frecuente no ámbito urbano.



Mantela



Capa



Coroza

- Parlamenta: prenda de abrigo de orixe urbana. É unha capiña que se abrocha pola parte de diante do colo.
- Coroza: feita de xunco seco que era un material impermeable. Pode estar composta dun atavío completo con capa, carapucha e polainas ou por unha simple carapucha longa chamada corozo nalgúns zonas.
- Encerado: de forma similar á coroza, está feito en liño impermeabilizado con aceite de liñaza.

CALZADO


- Zocas ou galochas: realízanse a partir dunha peza de madeira de bidueiro ou ameneiro. Poden ser romas ou rematadas en punta, lisas ou decoradas e cun taco na parte traseira.
- Madroñas ou madreñas. Similares ás zocas pero teñen dous tacos diante e un atrás.
- Chinelas: zocas con sola de madeira e cunha peza de coiro que só cobre a parte dianteira do pé. As zocas chinelas teñen unha boca moi aberta que cobre só as dedas.
- Zocas: como unha bota, coa sola de madeira e o corpo de pel de becerro en cor natural ou tinguidos de negro. Os zapatóns, máis modernos, virán substituír ós zocas.
- Zapato: calzado moi apreciado, coa sola de pel.



Zocas



Zapato home



Zocas



Zapato muller

Como complementos ó calzado están:

- Medias: de home e muller, úsanse durante todo o ano.
- Polainas: de ordinario son prenda masculina. Teñen forma de tubo e cobren dende os xeonllos ata os pés cunha especie de viseira que cobre o empeine e péchanse polo lateral exterior. Hainas rectas ou que teñen un semicírculo que protexe o xeonllo.



Medias

COMPLEMENTOS E ADEREZOS

- Faltriqueira: Peto que se levaba atado ó redor da cintura, para leva-los cartos ou amuletos de protección.
- Fitas do pelo: de cores e que se podían trenzar no medio do cabelo.



- Pendentes: Os máis comúns eran de prata sobredourada.
- Sapos ou crucetas: traballados con filigrana, colgábanse dunha fita de veludo, trenzas de cores ou cadea de doas de vidro ou metais preciosos.

Outros aderezos eran as medallas, relicarios, rosarios, etc... Entre os masculinos destacan as botonaduras metálicas e os reloxos de peto.



Sapo



Pendente

BIBLIOGRAFÍA

MARIÑO FERRO, X.R., "Antropoloxía de Galicia". Universitaria Manuais. Ed. Xerais. Vigo, 2000.

SÁENZ-CHAS DÍAZ Belén e RODRÍGUEZ CALVIÑO, Manuel. "O Tecido". Cadernos do Museo do Pobo Galego. Santiago de Compostela, 2000.

ACUÑA, X.E., e CABO, X.L., "As imaxes do traxe en Galicia". Ir Indo Edicións. Vigo, 1992.

ANDERSON, Ruth Matilda. "Gallegan provinces of Spain: Pontevedra and La Coruña". The Hispanic Society of New York, 1939.